

O macedán Francisco Carballo un máis de entre “Os Bos e Xenerosos”

27 Febreiro 2012 por [OLucas](#)



Os Bos e Xenerosos
noventa edición

asociación de escritores
en lingua galega
www.aelg.org

12:00
INTERVENCIÓN de Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da Aelg
LECTURA DA ACTA de concesión do Premio
Mercedes Queixas Zas
Secretaría Xeral da Aelg
LAUDATIO pronunciada por Anselmo López
Carreira
ENTREGA dunha placa conmemorativa ao
homenaxeado
RESPOSTA á laudatio de Francisco Carballo

Queremos poñerlle nome a “Os Bos e Xenerosos”. Por iso celebramos este acto de estudo e recoñecemento anual da figura dun escritor ou colectivo que, pola súa dilatada actividade de intervención social, contribúise á difusión pública da cultura galega. Con esta homenaxe destácase, sobre todo, un compromiso ético coa cultura de Galiza.

Con esta noventa edición, que se celebrará o sábado 3 de marzo, preténdese poñer de relevo a exemplar traxectoria de Francisco Carballo, quen ao longo de máis de corenta anos participou coa súa escrita e co seu activismo en dotar de contidos vertebradores a realidade social e cultural de Galicia, o que o converte nunha figura referencial para a cultura e a sociedade galega no seu conxunto.

noventa edición
Homenaxe a Francisco Carballo
museo do pobo galego | 3 de marzo de 2012 | 12.00

“Historiador e mestre de historiadores, promotor de empresas editoras en galego”. Con estas verbas a Asociación de [Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) condensa nun alento o espírito do macedán [Francisco Carballo](#) de cara a homenaxe anual, nomeadamente “Os Bos e Xenerosos”, co que este ano quixo premiar ao de Celeirón.

Con cada edición de “Os bos e Xenerosos” a AELG propón “un acto de estudo e recoñecemento dunha figura ou colectivo que, pola súa dilatada actividade de intervención social, contribúise á difusión da nosa cultura”. Neste sentido, subliñase do historiador macedán, o feito de que coa súa escrita e o seu activismo teña sido referencia á hora de dotar de contidos vertebradores á realidade social e cultural de Galicia. En destaque figuran, ademais da súa ampla produción de estudos históricos, a labor fundamental como fundador e colaborador habitual de A Nosa Terra ou o episodio de comezos dos 80 cando foi condenado a seis meses e un día de prisión menor e a 20.000 pesetas de multa por calumnias á policía no libro Historia de Galicia.

O galardón, alén de resultar unha merecida homenaxe pola senlleira participación de Francisco Carballo na escrita galega e a semente que deixa ao seu redor, coloca ao noso veciño a altura de persoeiros tan relevantes para a cultura galega como Isaac Díaz Pardo, Francisco Fernández del Riego, Avelino Pousa Antelo... que foron recoñecidos co Bos e Xenerosos en anteriores edicións.

[O acto de homenaxe](#) terá lugar o vindeiro Sábado día 3 de Marzo no Museo do pobo Galego e contará coa intervención do Presidente da AELG, [Cesáreo Sánchez Iglesias](#), cun Laudatio a cargo do historiador [Anselmo López Carreira](#), e finalmente coa participación dun máis entre os Bos e Xenerosos, Francisco Carballo.